

Exposición  
**Mapa de desexos de Luis Seoane**



**DATAS** do 17 de xullo ao 3 de novembro de 2019

**LUGAR** salas de exposicións da planta baixa

**PRODUCCIÓN** Fundación Luis Seoane

**COMISARIA** Silvia Longueira

A complicidade co espectador, o establecemento de novas olladas ao redor da obra de arte e as diferentes maneiras de achegarse ao obxecto artístico son os eixos sobre os que se desenvolve **Luis Seoane. Mapa de desexos**, un proxecto que nacía a comezos de 2019 na Fundación Luis Seoane co que se convidaba a unha serie de persoas

relacionadas coa cultura, as artes plásticas, a docencia, o deporte, etc., a escoller unha obra pertencente ao legado da institución e relacionala cunha idea ou co termo que esta lles suxerise.

O resultado poderá verse nas salas da planta baixa da Fundación Luis Seoane desde o 17 de xullo ata o 3 de novembro, nunha exposición baseada no criterio de máis de cen participantes que fixeron a súa elección entre preto de setecentas pezas entre óleos, gravados, carteis e debuxos de Luis Seoane. A selección das 88 obras que integran a mostra é froito dun comisariado colectivo no que se mesturan diferentes puntos de vista, que van desde un fondo coñecemento do significado do traballo de Seoane á súa convivencia con iconas contemporáneas, ou a súa asociación co eido profesional ou as experiencias de cada un dos participantes.

#### *Homenaje a la Torre de Hércules*

A exposición inclúe tamén a curtametraxe de animación *Homenaje a la Torre de Hércules*, unha peza visual realizada por Esferobite no ano 2004 con motivo da mostra do mesmo nome dedicada ao célebre álbum de debuxos de Luis Seoane, no que figuran unha serie de claves na obra do artista galego que a contextualizan a nivel histórico e social. Coa incorporación desta curtametraxe, Silvia Longueira e Antón Lezcano, comisaria e coordinador do proxecto respectivamente, desean facer fincapé na importancia do faro romano no imaxinario de Luis Seoane, nun ano no que se celebra o décimo aniversario da declaración deste monumento histórico como Patrimonio da Humanidade.

## TEXTO DA COMISARIA

Buscar a complicidade e novas miradas arredor das pezas de arte, obxectos ou situacións intanxibles é un xeito enriquecedor de construír o coñecemento. Tanto do obxecto/suxeito sometido á observación como no eido de difundir e afondar sobre aquela materia que queremos comprender e divulgar.

Deste xeito plantexamos este proxecto do *Mapa dos desexos de Luis Seoane*. Primeiro desposuíndo do imperativo das liñas curatoriais ás pezas de arte. Segundo, achegándonos á espontaneidade das persoas ás que lles pedíamos participar. O resultado era descoñecido como punto de partida. E a consecuencia será analizar, a través dunha futura publicación, a realidade da peza creada por Seoane fronte a idea/deseño suxerida polos 108 participantes que accederon a asociar á obra do artista unha palabra, só unha.

A mostra ofrece un percorrido lexitimado unicamente pola elección dos 108 participantes que elixiron a peza de Seoane (mais de 700 a elixir) entre as que figuraban óleos, gravados, carteis e debuxos do artista. Todas elas pertencen a colección da Fundación. En algúns casos prodúcense eleccións reincidentes pero que suxiren verbas de distinto significado.

Outras, a suxerencia fuxe completamente da intención de Seoane; aportando así unha forma diferente de aproximarse á peza en cuestión.

As 88 pezas que se amosan son pois o comisariado colectivo que entre todos se constrúe con puntos de vista que van desde o coñecemento do traballo de Seoane, a ironía das iconas contemporáneas ou a propia asociación da obra do artista ao eido profesional ou circunstancial de cada un dos participantes.

### *Homenaje a la Torre de Hércules*

Como excepcionalidade en toda a mostra, figura a elección da peza de animación que, no ano 2004, fixera Esferobite; versada sobre o libro *Homenaje a la Torre de Hércules*.

Esta peza fora encargada con motivo dunha exposición sobre o laureado libro de Seoane que é unha sorte de compendio da súa maestría. O libro alberga unha serie de claves que van desde a homenaxe ao país abandonado, a simboloxía dos elementos que o

conforman a nivel histórico e social. Todo iso diagramado por un dos grandes do deseño, o italiano Atilio Rossi.

Pois ben, con esta elección, e tendo en conta todo o que supuxo para Seoane a luz que emitía o faro e que podía ser observada desde a súa casa na Coruña, trátase tamén de conmemorar o décimo aniversario da Torre de Hércules como monumento Patrimonio da Humanidade.

**Silvia Longueira**

Para máis información e solicitude de imaxes:

Emma Fernández

**FUNDACIÓN LUIS SEOANE**

[emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal](mailto:emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal)

Tel. 981 216 015